



IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Materia	LINGUA E LITERATURA GALEGA	Nivel	1º ESO
Profesor/a	HENRIQUE DACOSTA LÓPEZ	Curso	2019-2020

OBXECTIVOS e CONTIDOS

	OBXECTIVOS	CONTIDOS*
1ª AVA	<ol style="list-style-type: none"> Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural. Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural. Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico. 	<ul style="list-style-type: none"> -Expresión escrita: Biografía, Diario, Carta, -Léxico: Corpo humano, Parentesco, Casa, Escola. -Gramática: Comunicación. Palabra e categorías gramaticais. Concordancia. Funcións sintácticas na cláusula. Substantivo. Adxectivo -Ortografía: Alfabeto: letras e dígrafos. Sílaba. Ditongo, tritongo e hiato. Acentuación Literatura : linguaxe literaria. Recursos estilísticos e Xéneros literarios -Técnicas de traballo / Lingua e sociedade: Definición e busca no dicionario. Linguas do mundo. Subliñado. Linguas de Europa
2ª AVA	<ol style="list-style-type: none"> Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC . Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, así como as que hoxe condicionan o seu uso. Coñecer e respectar a realidade plurilingüe do Estado español, de Europa e do mundo actual. Entender as situacións que provoca o contacto de linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Expresión escrita : Guía de viaxe, Microrrelato, Noticia, Folleto publicitario. -Léxico: Tempo cronolóxico e atmosférico, Medios de transporte, Alimentación. -Gramática: pronome persoal tónico e átono; artigo. Pronome demostrativo, posesivo, identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo. Verbo. -Ortografía: Acentuación e Puntuación. -Literatura: Xénero lírico: métrica, rima e estrofa. Poema. Xénero narrativo: voz narrativa -Técnicas de traballo: esquema e resumo / Lingua e sociedade: Linguas da Península Ibérica.
	OBXECTIVOS	CONTIDOS

3^a AVA	<p>9. Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.</p> <p>10. Ler con fluidez e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.</p> <p>11. Comprender textos literarios e os recursos estilísticos.</p> <p>12. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario.</p>	<p>-Expresión escrita: Cuestionario.</p> <p>-Léxico: Alimentación. Animais. Árbores e plantas. paisaxe rural e paisaxe urbana.</p> <p>- Gramática: Conxugación verbal. Adverbio, preposición e conxunción. Texto e propiedades textuais. Texto descritivo e texto narrativo.</p> <p>-Ortografía: Uso de b e v. Uso de h. Uso de x e s. Grupos consonánticos.</p> <p>-Literatura: Xénero narrativo: acción, personaxes, espazo e tempo. Xénero dramático: texto teatral. Xénero dramático: representación teatral.</p> <p>-Técnicas de traballo: Traballo académico / Lingua e sociedade: Preconceitos lingüísticos. Normalización na contorna.</p>
------------------------------------	---	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e MÍNIMOS ESIXIBLES

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES
1^a AVA	<p>a) Le textos narrativos de forma comprensiva. Identifica as ideas principais dun texto narrativo e elabora resumos, esquemas... tendo en conta a corrección lingüística .</p> <p>b) Pode escribir un diario, carta, e biografía</p> <p>c) Reflexiona sobre os temas que tratan os textos de lectura.</p> <p>d) Comprende os elementos da comunicación; a lingua e a súa organización.</p> <p>e) Diferencia as categorías gramaticais. Recoñece a concordancia e as funcións sintácticas na cláusula.</p> <p>f) Identifica o Substantivo (xénero e número) e adxectivo</p> <p>g) Identifica os distintos elementos que interveñen na comunicación.</p> <p>h) Exprésase con corrección e fluidez de maneira oral</p> <p>i) Recoñece o léxico referido ao corpo humano, os nomes de parentesco, da casa e da escola</p> <p>j) Manexa a orde alfabética das palabras, recoñecendo letras e dígrafos</p> <p>k) Diferencia as sílabas, ditongo, tritongo e hiato</p> <p>l) Coñece e aplica as regras de acentuación</p> <p>m) Diferencia os xéneros literarios e recoñece os recursos estilísticos</p> <p>n) Sabe empregar a técnica do subliñado</p> <p>o) Comprende a diversidade lingüística do mundo e a situación lingüística en Europa</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). • Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos • Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos • Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva. • Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. • Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega, así como a puntuación. • Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia • Le expresiva e comprensivamente, sinala a temática e describe os valores estilísticos dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escribir con corrección ortográfica e gramatical. • Expresarse oralmente con corrección ortográfica e léxica • Empregar adecuadamente o voc das unidades. • Recoñecer os elementos da comunicación. • Diferenciar as características que conforman os textos lit. • Coñecer a situación lingüística en Europa .

2ª A V A	<ul style="list-style-type: none"> a. Recoñece e manexa o léxico referido ao tempo cronolóxico e ao atmosférico, aos medios de transporte e á alimentación b. Diferencia as categorías gramaticais. Recoñece e coloca con corrección o pronome persoal tónico e átono c. Identifica e emprega correctamente o artigo d. Recoñece e utiliza o pronome demostrativo, posesivo, identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo e. Identifica os verbos nun texto f. Sabe utilizar correctamente a acentuación diacrítica g. Elabora textos usando unha puntuación correcta h. Recoñece os diferentes xéneros literarios i. Comprende os recursos estilísticos do poema. Métrica, rima, estrofa. j. Diferencia as voces narrativas nun texto narrativo k. Sabe empregar a técnica do resumo e o esquema l. Coñece e respeta a diversidade de linguas da Península Ibérica m. Coñece a situación da Lingua galega 	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende, e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega • Produce textos orais, adecuados á situación. • Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción • Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa • Produce textos descritivos, narrativos e expositivos. • Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas. • Identifica as funcións sintácticas no seo da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escribir con corrección ortográfica e gramatical. • Expresarse oralmente con corrección gramatical e léxica. • Empregar adecuadamente o vocabulario das unidades. • Recoñecer as clases de palabras e as súas características. • Comprender e analizar textos poéticos e narrativos. • Coñecer a situación lingüística da Península e, concretamente, de Galiza.
3ª A V A	<ul style="list-style-type: none"> a. Pode elaborar e analizar diferentes tipos de textos b. Recoñece e manexa o léxico referido a alimentación, animais, árbores, plantas, paisaxe rural e paisaxe urbana. c. Identifica os verbos nun texto e coñece a súa conxugación, así como adverbios, preposicións e conxuncións. d. Recoñece as diferentes propiedades dun texto e elabora, comprende e analiza textos descritivos e textos narrativos e. Analiza os diferentes elementos do texto narativo: acción, personaxes, espazo e tempo. Analiza os elementos do texto teatral. f. Fai exposicións orais de temas concretos g. Coñece os preconceptos lingüísticos e o significado da importancia da normalización lingüística 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais • Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe • Utiliza os coñecementos lingüísticos desenvolvidos no curso, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en clase. • Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen 	<ul style="list-style-type: none"> • Escribe con corrección ortográfica e gramatical. • Expresarse oralmente con corrección gramatical e léxica. • Empregar adecuadamente o vocabulario das unidades. • Recoñecer as clases de palabras e as súas características. • Comprender e analizar textos narrativos: acción, personaxes, espazo e tempo. • Coñecer os preconceptos lingüísticos e a normalización lingüística.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas obxectivas escritas (exame da parte teórico-gramatical)	70%
Lectura obrigatoria	20%
Expresión oral, traballo de clase, traballo de casa e actitude*	10%

*Ainda que a valoración da actitude do alumno ten una compoñente subxectiva alta, imos tratar de medila dun xeito o máis obxectivo posible. Neste apartado, e en base ás notas tomadas polo profesor/a da materia, este valorará, como mínimo, o traballo na casa e na aula coa observación sistemática do realizado polos alumnos na aula e no traballo que o profesor indica que debe facerse na casa (tamén se pode valorar, a criterio do profesor, a orde e pulcritude do caderno da materia e calquera outro ítem capaz de ser valorado dun xeito minimamente obxectivo). O/A profesor/a da materia informará ós seus alumnos o comezo do curso.

PROCEDIMENTO DA AVALIACIÓN

En cada unha das avaliacións realizaranse, como mínimo, dúas probas obxectivas escritas sobre os contidos sinalados, que se repartirán do seguinte xeito:

1ª av - 1ª proba: finais de outubro, comezos de novembro; 2ª proba: antes das vacacións de Nadal.

2ª av - 1ª proba: finais de febreiro, comezos de marzo; 2ª proba: antes das vacacións de Semana Santa.

3ª av - 1ª proba: finais de abril, comezos de maio; 2ª proba: antes das vacacións de verán.

Ademais, tamén se terá en conta a realización de traballos puntuais para entregar, ben individuais ben en equipo, así como a súa exposición oral na aula e a realización de resumos de lecturas obrigatorias.

Despois de cada una das avaliacións haberá una proba escrita para que aqueles alumnos que non acadasen unha avaliación positiva poidan recuperala.

A actitude do/a alumno/a valorarase tendo en conta o seu traballo na aula e na casa ademais do seu interese por participar e realizar con corrección as tarefas asignadas.